

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027721	IES Plurilingüe de Ames	Ames	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES situado en Bertamiráns (Ames). Bertamiráns é a vila capital do concello, na que viven fundamentalmente está composta de traballadores do sector público e privado. O IES Plurilingüe de Ames nítrese ademais do alumnado do casco urbano procedente das parroquias do centro e norte do concello. Os centros de primaria adscritos o IESP de Ames son o CEIP da Mahía o CEIP "Agro do Muiño" e do CEIP de Barouta.

Neste curso 2022-23 o grupo de alumnado de 3º ESO, que optou por Proxecto Competencial está composto por 40 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos. Está contabilizada unha alumna repetidora e 8 alumnos con ACNEAE

Hai que ter en conta que o Proxecto Competencial de 3º da ESO está baseado no proxecto "Redes de cooperación para o traballo na memoria democrática e os DDHH" que foi aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro, está como grupo de traballo PFPFF e nun proxecto Etwinning que leva o mesmo nome.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico..

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Iniciación sobre a orixe e o desenvolvemento dos DDHH e a súa importancia na actualidade	Determinarase o tema no que o o grupo vai pescudar información e formarse na orixe filosófica, social dos DDHH así como o seu desenvolvemento na actualidade	20	8	X		
2	Analizo e presento a miña escola e súa contorna a alumnado doutros centros	Cada grupo fará un traballo para investigar saber como é o seu centro, a demografía, o patrimonial natura e humano da súa contorna. e fará unha presentación ou un produto audiovisual do mesmo.	30	9	X	X	
3	Investigación sobre problemas actuais relacionados ca sostibilidade, igualdade de xénero, a memoria democrática e conflitos actuais	Elaboración do produtos finais e presentación do mesmo. respecto o tema escollido nos 4 eixos: os obxetivos do desenvolvemento sostible, igualdade de xénero, a memoria democrática, os DDHH e conflitos internacionais	20	8		X	X
4	Traballo colaborativo con outros centros e elaboración de produtos finais	Este apartado realizarase a partir do traballo colaborativo en rede entre alumnado de distintos centros irmanados. Fundamentalmente versará sobre os eixos citados na unidade 3. relacionando os eixos con elementos que poideran ser comúns ca historia dos centros colaboradores. Por exemplo: con un centro británico realizar traballos comúns da memoria democrática analizando estudando os poetas do exilio republicano no Reino Unido.	30	10		X	X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Iniciación sobre a orixe e o desenvolvemento dos DDHH e a súa importancia na actualidade	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Analizo e presento a miña escola e sua contorna a alumnado doutros centros	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Investigación sobre problemas actuais relacionados ca sostibilidade, igualdade de xénero, a memoria democrática e conflitos actuais	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación a campaña publicitaria, guía, produto e xeración impactos no centro.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade. adaptada ós distintos formatos polos que se elabora o produto		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. para persuadir e involucrar o público ó que vai dirixido transmitindo con eficacia os contidos		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición. xenerando empatía entre o auditorio o que dirixe o seu discurso		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais na presentación do proxecto que apoian a súa visualización		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	Traballo colaborativo con outros centros e elaboración de produtos finais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Exposición oral e escrita do proxecto, guía, produto audiovisual e busca de impactos noutros centros.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresión correcta adaptada a diferentes formatos de presentación de traballos: videos, podcasts, exposicións...		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Exposñer cunha linguaxe corporal na comunicación con confianza, soltura e transmisión de solvencia		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Conseguir expoñer oralmente ante un público controlando impulsos de abandono ou parálise. Enriquece as súas exposicións escritas con elementos retóricos que expresen situacións emocionais con positividade e espírito de compromiso		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar o formato presentación, video, podcast, audiolibro, mapas de rutas de google maps realizando produtos de calidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Redes de cooperación para o traballo na memoria democrática e os DDHH"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Asemade fomentarse o desenvolvemento de todas as competencias básicas na realización dun produto final:

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, Traballaranse contidos sobre a orixe filosófica, social e histórica dos Dereitos Humanos ata a actualidade :

- Orixe filosófico ou de pensamento dos Dereitos Humanos (Sto. Tomé, Locke, Kant...)
- Movementos reivindicativos sobre os DDHH
- Clasificación dos DDHH e a súa xeración.
- DDHH e a normativa actual estatal ou internacional.

...

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais, así como alumnado doutros centros educativos:

##### PARTE A)

Presentar o meu centro: e a súa contorna.

- Presentación do centro (tipo,oferta....)
- Presentación da contorna donde está situado o meu centro ( xeográfica, administrativa, cultural...)

##### PARTE B)

Escolleranse os seguintes eixos de traballo realizándose traballos colaborativos

##### 1. Dereitos Humanos e conflitos internacionais

- a)Introducción: Orixe dos DDHH, dereitos civís e políticos

- b) O papel da ONU no concerto internacional e os DDHH: Avances nos dereitos civís e as causas pendentes.
- c) A violación dos DDHH no mundo contemporáneo. A responsabilidade da comunidade internacional
- d) Exemplos prácticos de violación dos dereitos individuais e colectivos no mundo.

## 2. Sustentabilidade e cambio climático

- a) Reciclaxe e tratamento de residuos e a redución dos seus efectos contaminantes.
- b) Pegada ecolóxica. Estudos comparativos entre a nosa contorna, Europa e o mundo. Estudos comparativos entre países e continentes e os seus efectos no cambio climático.
- c) Accións organizativas e de práctica na aula para acadar un centro sostible e seguro.
- d) Participación nas redes estatais pola sostibilidade.
- e) A sostibilidade e os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible
- f) Estudo de casos de emerxencia climática
- g) Arte e pensamento na natureza. Música, poesía filosofía

## 3. Igualdade de xénero.

- a) O desenvolvemento do movemento pola igualdade en Galicia España, e a nivel internacional.
- b) Sufraxismo y dereitos pola igualdade no mundo. Sufragismo en España: Clara Campoamor
- c) Os dereitos das mulleres na literatura feminina do século XIX en Galicia: Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro. Estudo comparativo das creacións artísticas ou literarias a nivel internacional
- d) Estudo comparativo sobre a evolución e dereitos de igualdade na España actual e a evolución do dereito a igualdade no mundo.

## 4. Memoria democrática

- a) Investigación con fontes directas para a recuperación da memoria e reparación das vítimas na Guerra Civil, na ditadura franquista e nos campos de concentracións na 2ª Guerra Mundial.
- b) O legado dos dereitos democráticos e herdanza cultural da Segunda República no sistema constitucional actual.
- c) Literatura e arte e ensaio na Guerra Civil e no exilio republicano español. Música, poesía e filosofía.
- d) Roteiros da memoria e do exilio republicano español. Estudo comparativo con procesos similares ocorridos noutros países.

Utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Presentación do seu centro e a zona a outros educativos.
- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Consultas nos concellos ou administracións
- Entrevistas ás familias ou a familiares das persoas protagonistas...
- Entrevistas ou encontros con testemuñas directas sobre a temática a abordar (cambio climático, memoria democrática, DDHH, conflitos internacionais, igualdade de xénero)
- Entrevistas ou encontros con historiadores, expertos ou investigadores...
- Roteiros temáticos.

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información recompilada, sobre os eixos da programación (sostibilidade, Dereitos Humanos, Memoria democrática, igualdade de xénero) para tratar de realizar traballos colaborativos con alumnado dos centros participantes na rede Etwinning sobre os mesmos eixos temáticos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade en canto ó formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión no programa de Radio do centro educativo e nos medios locais,, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais....

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos, literatura, poesía...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos, literatura, poesía...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, documentos, monumentos, roteiros, momentos históricos...)
- Lingua inglesa (comunicación e traballos colaborativos con centros doutros países da UE sobre os eixos programados)



- Lingua Francesa ( comunicación e traballos colaborativos con centros doutros países da UE sobre os eixos programados).
- Matemáticas (estadísticas sobre poboacións, tempos, cálculos e estimacións da pegada ecolóxica...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Economía (diferenzas económicas producidas historicamente o o desenvolvemento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible).
- Latín: A influencia cultural romana da regulación, do dereito, da expansión xeográfica e militar na mundo actual
- Valores Éticos: Os Dereitos Humanos na actualidade ( na memoria, nos conflitos actuais, nos ODS, na igualdade) e a súa orixe filosófica, social e cultural.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de ordenadores ou utilización de teléfono móbil con permiso dos titores legais para certas actividades
Caderno de clase
Plataforma Etwinning e a plataforma moodle da aula virtual
Biblioteca do centro e libros dixitais de dominio público

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>30</b>	<b>20</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Tarefas introductorias de contidos e presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto co produto final realizado.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais..

As rúbricas terán como referencia as seguintes porcentaxes:

- Participación activa e colaborativa desempeñando roles concretos no proceso de elaboración do traballo. ata un 60%,
- Desenvolvemento das competencias básicas derivadas do proceso de traballo 20%
- Realización de traballo individuais establecidos no plan de traballo 20%.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais ou poderá variar de forma positiva si a nota da terceira avaliación supón acadar as competencias e a calidade dos traballos e produtos finais supoñen a constatación dun progreso importante nas competencias, e a súa participación activa na calidade do proxecto.

#### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

Conforme ó establecido ó establecido na Orde de 27 de decembro de 2022 a sesión da terceira avaliación e a sesión da avaliación Ordinaria (Final) serán coincidentes. Para o alumnado que no tramo final do curso non teña superada algunha das avaliacións ou ningunha das probas ou tarefas realizadas durante o curso, ou ben para alumnado con todo aprobado pero que pretende subir nota, ademais doutro tipo de traballos ou tarefas, o profesor según o caso, poderá realizar un exame final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non aplica.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Promoverase os valores na defensa dos DDHH e o valor da herdanza cultural.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.			
Exposición en entidades da contorna	Exposición e explicación do proxecto na contorna			
Videoconferencias e encontros telemáticos con outros centros	Plataforma Etwinning e a plataforma moodle da aula virtual			
Exposición de traballos en institucións involucradas nos eixos temáticos	Explicación do proxecto e os seus resultados a outras institucións			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

## 9. Outros apartados

### 1. Proxectos de innovación dos que participa o Departamento de Filosofía do centro

Proxecto Competencial de 3º de ESO participa nas actividades no proxecto "Redes de cooperación para o traballo da memoria Democrática e os Dereitos Humanos" así como un proxecto etwinning da mesma temática no que colaboran e interactúan outros centros de España, Reino Unido, Portugal e Sáhara Occidental (campamentos de Tinduf en Alxeria) para traballar os eixos da programación (sostibilidade, memoria democrática, igualdade de xénero e Dereitos Humanos):